

CONCELLERÍA  
DE  
FOMENTO

CONCELLO  
DE VIGO



Expte. 4.988-440

**DESTINATARIO:**  
**RESPONSABLE DO CONTRATO**

**ASUNTO:**

**VALORACIÓN DAS OFERTAS PRESENTADAS (SOBRE B “PROPOSICIÓN AVALIABLE MEDIANTE XUÍZO DE VALOR”) PARA A CONTRATACIÓN POLO PROCEDEMENTO ABERTO DAS OBRAS DE:**

**HUMANIZACIÓN DA RÚA VÍA NORTE, ENTRE URZÁIZ E ESCULTOR GREGORIO FERNÁNDEZ**

**INFORME:**

A mesa de contratación de data 5 de febreiro de 2018 realizou a apertura da documentación presentada polas empresas que optan a adxudicación das obras de referencia, dando traslado da documentación presentada no sobre B “proposición avaliable mediante xuízo de valor” para a súa avaliación por parte dos servizos técnicos do servizo xestor do expediente. De acordo coa acta da mesa de contratación foron admitidas as ofertas das empresas que se indican a continuación:

1. CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS S.A.
2. CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS SL
3. DRAGADOS, S.A.
4. SA DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA
5. ORESA SL
6. AVAN INTEGRAL SL
7. CIVIS GLOBAL SL
8. HIDROMIÑO S L
9. CONSTRUCCIONES RAMIREZ SLU
10. ACCIONA CONSTRUCCION SA
11. XESTION AMBIENTAL DE CONTRATAS SL
12. ORECO S.A
13. COPCISA, S.A.
14. ELSAMEX, S.A.
15. UTE PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.- TRANSPORTES M. RODRIGUEZ, S.L.
16. MISTURAS, S.A.
17. PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, S.L.
18. EXTRACO, S.A.
19. OGMIOS PROYECTO, S.L.

A valoración das ofertas realizarase de acordo co establecido no apartado 8.A., das FEC, no cal se indican os criterios para a avaliación mediante xuízo de valor así como as regras de puntuación.

De acordo co recollido nos apartados 7.A, e 8.A., das FEC, para a avaliación das ofertas presentadas polos licitadores no “sobre B” o presente informe atenderá os seguintes criterios:

**A.- REVISIÓN DO CUMPRIMENTO DOS REQUISITOS ESTABLECIDOS NO APARTADO 7.A DAS FEC, SOBRE O CONTIDO DA DOCUMENTACIÓN APORTADA POR CADA LICITADOR NO SOBRE “B”.**

Páx. 1 8



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 04/04/2018 08:30

Páxina 1 de 8

Expediente 4988/440

CSV: 2EE44-CDAAE-25EA2-23DB4

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



Expte. 4.988-440

A revisión da documentación presentada por cada licitador no sobre “B”, atopase indicada no primeiro bloque de filas da táboa de cada licitador do ANEXO I. Nestes cadros se recolle, para cada licitador o resultado da revisión da citada documentación, indicando para cada un dos tres criterios a avaliar (a.- Memoria construtiva dos criterios de execución técnica da obra, b.- Plan de control de calidade a implantar na execución da obra, e c.- Plan de aforro enerxético e programa de actuacións medioambientais), as incidencias en relación a non cumprir ditos requisitos no referente a extensión da documentación presentada e o peso dos arquivos presentados.

Segundo se recolle no apartado 8.A. das FEC, cando a documentación relativa aos citados criterios presentada, *non cumpra cos requisitos de tamaño de arquivo máximo, ou do nº de follas máximas fixadas para o criterio, serán obxecto de valoración técnica, pero a puntuación será a metade dos puntos asignados ó mesmo*. Dito aspecto queda indicado no primeiro bloque de filas da táboa de cada licitador do anexo I.

#### **B.- AVALIACIÓN TÉCNICA E PUNTUACIÓN SOBRE O CONTIDO DA DOCUMENTACIÓN APORTADA POR CADA LICITADOR NO SOBRE “B”.**

A avaliación da documentación presentada por cada licitador atopase recollida no segundo bloque de filas da táboa de cada licitador do ANEXO I, indicando para os diferentes apartados a avaliar de acordo co estipulado nos apartados 7.A. e 8.A. das FEC as puntuacións obtidas a xuízo de valor do técnico que subscribe cada apartado segundo as indicacións anteriores, aplicando as regras xerais de puntuación indicadas no apartado 8.A. das FEC, que se transcriben a continuación:

1. Outorgarase a puntuación fixada en cada apartado ás memorias que desenvolvan cun grao de detalle adecuado aos contidos indicados con análise específica, coherencia e idoneidade da proposta e coa representación gráfica adecuada.
2. Descontarase da puntuación máxima prevista en cada apartado, a porcentaxe indicada en cada contido (apartado 7A desta FEC), por cada un destes con escaso desenvolvemento, ou no caso de que a proposta para ese contido non sexa adecuada ou coherente co obxecto do apartado a avaliar. Os descontos indicados serán acumulativos.
3. A puntuación será de 0 (cero) puntos, cando a memoria do apartado a avaliar conteña aspectos contraditorios internos ou en relación co proxecto, ou non recolla ningunha achega a maiores das establecidas no propio proxecto de obra que define este expediente.
4. As propostas que non cumpran cos requisitos de tamaño de arquivo máximo, do nº de follas máximas ou de arquivo único, serán obxecto de valoración técnica, pero a puntuación será a metade dos puntos asignados a cada criterio.
5. Da avaliación destes aspectos, procederase á asignación da puntuación en cada un dos apartados, para o cal se outorgará a maior puntuación do apartado a avaliar a oferta que se considere que recolle con maior grao de detalle e coñecemento os aspectos descritos anteriormente e puntuando

Páx. 2 8



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 04/04/2018 08:30

Páxina 2 de 8

Expediente 4988/440

CSV: 2EE44-CDAAE-25EA2-23DB4

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



Expte. 4.988-440

as restantes, en función da documentación presentada, comparándoa coa da oferta de maior puntuación.

**B.1.- VALORACIÓN DA MEMORIA CONSTRUTIVA DOS CRITERIOS DE EXECUCIÓN TÉCNICA DA OBRA: (apartado 8.A.1, das FEC).** A valoración deste criterio foi realizada polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos municipal e a Enxeñeira Industrial municipal. Este criterio ten unha valoración máxima de **79 puntos** e foi realizada tendo en conta os apartados e puntuación recollidos nas FEC:

**B.1.1.- Análise da actuación a desenvolver a través dunha descrición analítica e detallada do proxecto a executar:** Se valorará con ata **26,00 puntos**. Segundo se recolle literalmente no apartado 7.A.1.a) das FEC deberá incluír:

- A análise das actuacións a desenvolver incluídas dentro do proxecto (15%)
- Descrición das actividades importantes da execución da obra (15%)
- Condicionantes para a definición do proxecto (25%)
- A determinación do grao de incidencia dos condicionantes e actuacións a desenvolver especificados nos contidos anteriores en relación á execución da obra (25%)
- O desenvolvemento de información gráfica adecuada ás peculiaridades deste apartado (20%)

Tendo en conta dentro dos aspectos recollidos nas FEC os contidos citados anteriormente, as regras de puntuación indicadas no apartado 8.A. das FEC e as características e peculiaridades da obra de referencia, procedese a revisión técnica da documentación presentada por cada licitador, segundo se recolle na táboa de cada licitador no ANEXO I.

Indicase nas filas B.1.1. da táboa de cada licitador do ANEXO I a este informe, para cada un dos contidos a valorar, as regras de puntuación citadas anteriormente e segundo as especificacións contidas na oferta de cada licitador, a avaliación dos aspectos que provocarán unha minoración da puntuación máxima do apartado a xuízo de valor do técnico que subscribe o mesmo. Está minoración será acumulativa segundo se recolle nas regras xerais de puntuación indicadas no apartado 8.A. das FEC.

**B.1.2.- Análise do ámbito de actuación da obra a executar e os procesos de implantación de medios para a obra para garantir o correcto desenvolvemento do proxecto:** Se valorará con ata **30,00 puntos**. Segundo se recolle literalmente no apartado 7.A.1.b) das FEC deberá incluír:

- O estudo do tráfico no contorno da obra (10%)
- O estudo dos usos específicos do contorno de actuación (15%)
- Proposta de campamento de obra (10%)
- Medidas propostas de desvíos de tráfico e acceso a obra (15%)
- Proposta de faseado de obra (15%)
- Outras medidas e propostas que permitan simultanear a obra coas actividades cotiás do contorno (15%)
- O desenvolvemento de información gráfica adecuada ás peculiaridades deste apartado (20%)

Tendo en conta dentro dos aspectos recollidos nas FEC os contidos citados anteriormente, as regras de puntuación indicadas no apartado 8.A. das FEC e as características e peculiaridades da obra de referencia,

Páx. 3 8



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 04/04/2018 08:30

Páxina 3 de 8

Expediente 4988/440

CSV: 2EE44-CDAAE-25EA2-23DB4

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



Expte. 4.988-440

procedese a revisión técnica da documentación presentada por cada licitador, segundo se recolle na táboa de cada licitador no ANEXO I.

Indicase nas filas B.1.2. da táboa de cada licitador do ANEXO I a este informe, para cada un dos contidos a valorar, as regras de puntuación citadas anteriormente e segundo as especificacións contidas na oferta de cada licitador, a avaliación dos aspectos que provocarán unha minoración da puntuación máxima do apartado a xuízo de valor do técnico que subscribe o mesmo. Está minoración será acumulativa segundo se recolle nas regras xerais de puntuación indicadas no apartado 8.A. das FEC.

**B.1.3.- Proposta de planificación da obra en relacion aos períodos de execución e cos de traballo que se propoñen para a execución da obra, xustificando a coherencia da proposta realizada en relación cos prazos de execución propostos:** Se valorará con ata **23,00 puntos**. Segundo se recolle literalmente no apartado 7.A.1.c) das FEC deberá incluír:

- Afección climatolóxica (10%)
- Dimensionamento dos equipos de traballo con indicación de rendementos (15%)
- Relación de equipos de traballo coa planificación temporal (15%)
- Planificación temporal das unidades de obra (15%)
- Definición de actividades críticas (15%)
- Indicación de folguras das actuacións (15%)
- O desenvolvemento de información gráfica adecuada ás peculiaridades deste apartado (15%)

Tendo en conta dentro dos aspectos recollidos nas FEC os contidos citados anteriormente, as regras de puntuación indicadas no apartado 8.A. das FEC e as características e peculiaridades da obra de referencia, procedese a revisión técnica da documentación presentada por cada licitador, segundo se recolle na táboa de cada licitador no ANEXO I.

Indicase nas filas B.1.3. da táboa de cada licitador do ANEXO I a este informe, para cada un dos contidos a valorar, as regras de puntuación citadas anteriormente e segundo as especificacións contidas na oferta de cada licitador, a avaliación dos aspectos que provocarán unha minoración da puntuación máxima do apartado a xuízo de valor do técnico que subscribe o mesmo. Está minoración será acumulativa segundo se recolle nas regras xerais de puntuación indicadas no apartado 8.A. das FEC.

**B.2.- VALORACIÓN DO PLAN DE CONTROL DE CALIDADE: (apartado 8.A.2, das FEC).** A valoración deste criterio foi realizada pola Enxeñeira Técnica de Obras Públicas municipal. Este criterio ten unha valoración máxima de **12,00** puntos e foi realizada tendo en conta os apartados e puntuación recollidos nas FEC:

**B.2.1.- A descrición analítica e detallada do plan de control de calidade a executar a maiores do contemplado no proxecto:** Se valorará con ata **8,00 puntos**. Segundo se recolle literalmente no apartado 7.A.2.a) das FEC deberá incluír:

- Medidas que propón o licitador para controlar e garantir a calidade dos traballos a executar (25%)
- Plan específico de ensaios de control de calidade con especificidade dos ensaios a maiores do contemplado no proxecto (25%)
- Diversidade de ensaios de control de calidade propostos a executar (25%)
- O desenvolvemento de información gráfica adecuada ás peculiaridades deste apartado (25%)

Páx. 4 8



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 04/04/2018 08:30

Páxina 4 de 8

Expediente 4988/440

CSV: 2EE44-CDAAE-25EA2-23DB4

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



Expte. 4.988-440

Tendo en conta dentro dos aspectos recollidos nas FEC os contidos citados anteriormente, as regras de puntuación indicadas no apartado 8.A. das FEC e as características e peculiaridades da obra de referencia, procedese a revisión técnica da documentación presentada por cada licitador, segundo se recolle na táboa de cada licitador no ANEXO I.

Indicase nas filas B.2.1. da táboa de cada licitador do ANEXO I a este informe, para cada un dos contidos a valorar, as regras de puntuación citadas anteriormente e segundo as especificacións contidas na oferta de cada licitador, a avaliación dos aspectos que provocarán unha minoración da puntuación máxima do apartado a xuízo de valor do técnico que subscribe o mesmo. Está minoración será acumulativa segundo se recolle nas regras xerais de puntuación indicadas no apartado 8.A. das FEC.

**B.2.2.- A descrición do plan de auto control interno da empresa:** Se valorará con ata **4,00 puntos**. Segundo se recolle literalmente no apartado 7.A.2.b) das FEC deberá incluír:

- Descrición analítica e detallada dos procesos relacionados directamente coa execución do obxecto da obra (50%)
- Descrición da organización dedicada ao control de calidade (30%)
- O desenvolvemento de información gráfica adecuada ás peculiaridades deste apartado (20%)

Tendo en conta dentro dos aspectos recollidos nas FEC os contidos citados anteriormente, as regras de puntuación indicadas no apartado 8.A. das FEC e as características e peculiaridades da obra de referencia, procedese a revisión técnica da documentación presentada por cada licitador, segundo se recolle na táboa de cada licitador no ANEXO I.

Indicase nas filas B.2.2. da táboa de cada licitador do ANEXO I a este informe, para cada un dos contidos a valorar, as regras de puntuación citadas anteriormente e segundo as especificacións contidas na oferta de cada licitador, a avaliación dos aspectos que provocarán unha minoración da puntuación máxima do apartado a xuízo de valor do técnico que subscribe o mesmo. Está minoración será acumulativa segundo se recolle nas regras xerais de puntuación indicadas no apartado 8.A. das FEC.

**B.3.- PLAN DE AFORRO ENERXÉTICO E PROGRAMA DE ACTUACIÓNS MEDIOAMBIENTAIS: (apartado 8.A.3, das FEC).** A valoración deste criterio foi realizada polo Enxeiteiro de Camiños, Canais e Portos municipal. Este criterio ten unha valoración máxima de **9,00** puntos e foi realizada tendo en conta os apartados e puntuación recollidos nas FEC:

**B.3.1.- Memoria descriptiva que deberán contemplar a descrición das boas prácticas na execución da obra que permita reducir o consumo enerxético e materias primas:** Se valorará con ata **4,5 puntos**, que recollerá:

- Boas prácticas na execución da obra que permita reducir consumo enerxético (20%)
- Adaptación destas as peculiaridades da obra (20%)
- Boas prácticas na execución da obra que permita reducir as materias primas (20%)
- Adaptación destas as peculiaridades da obra (20%)
- O desenvolvemento de información gráfica adecuada ás peculiaridades deste apartado (20%)





Expte. 4.988-440

Tendo en conta dentro dos aspectos recollidos nas FEC os contidos do enunciado, as regras de puntuación indicadas no apartado 8.A. das FEC e as características e peculiaridades da obra de referencia, procedese a revisión técnica da documentación presentada por cada licitador, segundo se recolle na táboa de cada licitador no ANEXO I.

Indicase nas filas B.3.1. da táboa de cada licitador do ANEXO I a este informe, para cada un dos contidos a valorar, as regras de puntuación citadas anteriormente e segundo as especificacións contidas na oferta de cada licitador, a avaliación dos aspectos que provocarán unha minoración da puntuación máxima do apartado a xuízo de valor do técnico que subscribe o mesmo. Está minoración será acumulativa segundo se recolle nas regras xerais de puntuación indicadas no apartado 8.A. das FEC.

**B.3.2.- Memoria descritiva das actuacións para a redución das emisións contaminantes á atmosfera, recollida selectiva de residuos ou procesos de reciclado.** Se valorará con ata **4,5 puntos**, e recollerá:

- Actuacións para a redución de emisións contaminantes á atmosfera (20%)
- Adaptación destas as peculiaridades da obra (20%)
- Actuacións para a recollida selectiva de residuos e procesos de reciclado (20%)
- Adaptación destas as peculiaridades da obra (20%)
- O desenvolvemento de información gráfica adecuada ás peculiaridades deste apartado (20%)

Tendo en conta dentro dos aspectos recollidos nas FEC os contidos do enunciado, as regras de puntuación indicadas no apartado 8.A. das FEC e as características e peculiaridades da obra de referencia, procedese a revisión técnica da documentación presentada por cada licitador, segundo se recolle na táboa de cada licitador no ANEXO I.

Indicase nas filas B.3.2. da táboa de cada licitador do ANEXO I a este informe, para cada un dos contidos a valorar, as regras de puntuación citadas anteriormente e segundo as especificacións contidas na oferta de cada licitador, a avaliación dos aspectos que provocarán unha minoración da puntuación máxima do apartado a xuízo de valor do técnico que subscribe o mesmo. Está minoración será acumulativa segundo se recolle nas regras xerais de puntuación indicadas no apartado 8.A. das FEC.

### C.- CADRO RESUMEN DA AVALIACIÓN DOS CRITERIOS POR XUIZO DE VALOR:

De acordo cos aspectos indicados no presente informe, se emite as táboas para cada licitador do ANEXO I, que se xuntan ao presente informe, onde se detalla a valoración realizada e a motivación desta, para cada unha das empresas licitadoras.

Do citado anexo, desprendese como resumen os seguintes datos de avaliación dos criterios por xuízo de valor das ofertas presentadas (sobre b “proposición avaliable mediante xuízo de valor”) para a contratación **polo procedemento aberto de:**



|                                                                                                                                                                                                                      |                                  |               |
|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----------------------------------|---------------|
| Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo                                                                                                                                                                       | Data impresión: 04/04/2018 08:30 | Páxina 6 de 8 |
| Expediente 4988/440                                                                                                                                                                                                  | CSV: 2EE44-CDAAE-25EA2-23DB4     |               |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a> |                                  |               |





Expte. 4.988-440

**HUMANIZACIÓN DA RÚA VÍA NORTE, ENTRE URZAÍZ E ESCULTOR GREGORIO FERNÁNDEZ**

| LICITADOR                                                             | PUNTUACIÓN TOTAL CRITERIOS<br>XUIZO DE VALOR |
|-----------------------------------------------------------------------|----------------------------------------------|
| CONSTRUCCIÓN OBRAS E VIAIS, S.A                                       | 70,70                                        |
| CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS SL                                     | 42,75                                        |
| DRAGADOS, S.A.                                                        | 81,60                                        |
| SA DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA                                       | 70,30                                        |
| ORESAS, S.L.                                                          | 67,60                                        |
| AVAN INTEGRAL SL                                                      | 91,90                                        |
| CIVIS GLOBAL SL                                                       | 91,90                                        |
| HIDROMIÑO S.L.                                                        | 79,90                                        |
| CONSTRUCCIONES RAMÍREZ, S.L.U.                                        | 75,20                                        |
| ACCIONA CONSTRUCCION SA                                               | 64,70                                        |
| XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.                                  | 68,40                                        |
| ORECO S.A                                                             | 59,30                                        |
| COPCISA SA                                                            | 65,60                                        |
| ELSAMEX, S.A                                                          | 44,55                                        |
| UTE PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.-<br>TRANSPORTES M. RODRIGUEZ, S.L. | 48,40                                        |
| MISTURAS, S.A.                                                        | 88,10                                        |
| PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, S.L.                                       | 74,10                                        |
| EXTRACO, S.A.                                                         | 88,10                                        |
| OGMIOS PROYECTO, S.L.                                                 | 67,60                                        |

Do presente informe dáselle traslado a Mesa de contratación para que a vista de este, e en virtude das súas competencias, proceda a continuación do expediente ou solicite novos informes técnicos segundo considere oportuno.

**Vigo, na data da sinatura dixital**

Páx. 7 8



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 04/04/2018 08:30

Páxina 7 de 8

Expediente 4988/440


CSV: 2EE44-CDAAE-25EA2-23DB4

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



Expte. 4.988-440

**A Enxeñeira Técnica de Obras Públicas.- María Francisca Arlandis Marra**  
**A Enxeñeira Industrial.- Cristina Tapias Bouso**  
**O Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos.- Jerónimo Centrón Castaños**

|                                                                                     |                                                                                                                                                                                                                      |                                  |               |
|-------------------------------------------------------------------------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----------------------------------|---------------|
|  | Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo                                                                                                                                                                       | Data impresión: 04/04/2018 08:30 | Páxina 8 de 8 |
|                                                                                     | Expediente 4988/440                                                                                                                                                                                                  | CSV: 2EE44-CDAAE-25EA2-23DB4     |               |
|                                                                                     | Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a> |                                  |               |